

# XIX SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

## DE PONTEVEDRA: “MULLERES DE CONTO”

### TEMA DO SALÓN

O tema da edición de 2018 é **MULLERES DE CONTO** e con ela pretendemos render merecida homenaxe a ás mulleres que conforman o mundo da literatura infantil, desde os personaxes dos contos ata as autoras, editoras, ilustradoras, profesoras, bibliotecarias... e, ao tempo, promover unha lectura crítica e reflexiva, con perspectiva de xénero, ao mundo da creación literaria e plástica da LIX. Faremos, se o considerades oportuno, formación específica neste tema.

### PAÍS CONVIDADO

**México** é o país invitado para a edición de 2018 e teremos unha variada mostra da literatura infantil e xuvenil do país, pero tamén unha selecta representación do mundo da escrita, a ilustración, a edición e a promoción da lectura mexicana.

A colaboración entre México e Pontevedra vai ser un camiño de ida e volta, na que buscamos tamén promover no país mexicano a nosa literatura infantil e xuvenil. Nesa liña, o Salón estará irmanado coa FILIJ de Cidade de México. Moitas son as actividades que programaremos dunha e doutra beira do Atlántico, de intercambio e coñecemento mutuo. Esperamos que esta edición sirva para crear pontes de palabras que nos acheguen a ambos os países, unidos por un mesmo amor á lectura. Os vosos traballos de participación poden estar tamén orientados cara este país, desde unha perspectiva literaria e/ou plástica.

### DATAS

Un ano máis agardamos contar coa vosa colaboración e bo facer para levar a cabo esta nova edición do Salón do Libro, a XIX que, logo de moitos anos celebrándose no mes de marzo, terá lugar entre o 6 e o 29 de abril.

A organización ten programada algunha sorpresa pero estamos abertas coma sempre a calquera proposta ou suxestión pola vosa parte, tanto relativa a este aspecto coma á programación de obradoiros para docentes, con escolares, etc. no correo [salondolibro@salondolibro.org](mailto:salondolibro@salondolibro.org)

### PRESENTACIÓN DA NOVA WEB

Estamos de estrea! Vimos de inaugurar a nova web: [www.salondolibro.gal](http://www.salondolibro.gal) na que estará toda a programación, chegado o momento, mais na que xa tedes a ovozo dispor sección como FORMACIÓN, a bibliografía elaborada por Galix (na sección DOCENTES) e a sección A TÚA LIBRERÍA RECOMENDA, con propostas de lectura dos libeiros e libeiras desta cidade.

## CONCURSO DE ILUSTRACION

Este ano, o cartel so Salón veu logo dun concurso internacional de ilustración, que se fallará o 10 de novembro. Coa imaxe gañadora farase o cartaz e tamén se seleccionarán doce finalistas. Coas trece imaxes, a Deputación de Pontevedra elaborará, en colaboración con Gáliz, un calendario ilustrado do libro e a lectura, co que vos agasallaremos a partir do mes xaneiro.

## \*PARTICIPACIÓN E TRABALLOS\*

Como viña sendo habitual ata o de agora, a realización dun **traballo colectivo arredor da temática do Salón e/ou do País convidado**, ben en formato libro ou tridimensional, dávos dereito a realizar visita guiada e participades gratuitamente nun obradoiro ou contacontos, dependendo das idades (o habitual son obradoiros para 2º e 3º ciclo e contos para ei e 1º ciclo de primaria).

O sistema será o mesmo que o do ano pasado con dobre quenda de obradoiros/contacontos + visita. Gustaríanos saber a vosa opinión sobre a duración das visitas. Este ano incorporaremos novas actividades tamén para ESO e BACHARELATO.

### MEDIDAS DOS TRABALLOS COLECTIVOS

- Os traballos manuais deberán seguir as normas de todos os anos:
- Libros: Formato A3 (29,7 x 42 cm.)
- Pezas Tridimensionais: Base (60x60 cm.). Alto (100cm.) Pregamos que sexan lixeiras.

### NORMAS PARA A CONFECCIÓN E MONTAXE DO TRABALLO :

- • Agradecemos que respectedes as medidas. Sodes moitos os centros que participades e moitos os traballos que expoñemos na Sala. É importante que todos esteades en igualdade de condicións.
- • No caso de ser volumétrico, contará co seu propio soporte.
- • Se funcionasen con electricidade deberán ter o seu propio sistema de alimentación enerxética (non enchufes / non cables)
- • O nome do centro non figurará no traballo de xeito destacado (a denominación figurará nunha etiqueta estándar que facilitará a organización)
- • A ubicación dos traballos na sala será decidida pola organización en función dos traballos presentados
- • A lingua empregada será, exclusivamente, a lingua galega

## NOVOS FORMATOS DE TRABALLOS COLECTIVOS

Este ano queremos abrir as propostas de participación a novos formatos, que son os seguintes:

- Actividade de clubs de lectura en formato de **CLUB COLABORADOR DO SALÓN**, que vos explicaremos detalladamente
- Participación cunha proposta radiofónica de Podasting literário, que aloxaremos na web no apartado **RADIO SALÓN**
- Participación cunha proposta audiovisual de crítica literária (Booktubers), que aloxaremos na web no apartado **TELE SALÓN**

Dada a alta demanda de centros participantes é preciso que todos o alumnado para o que solicitades actividade de balde, teña participado activamente na realización do traballo. No caso de ser un número moi elevado, cabe a posibilidade de que teñamos que limitar a participación, xa que ás sesións tanto de obradoiros coma de contacontos, teñen unha capacidade limitada en prol da calidade dos mesmos e, por cuestións de programación, terán lugar coma sempre ao longo dos 10 primeiros días do Salón.

Recomendamos que o correo que facilidades na folla de inscrición como centro colaborador sexa dalgunha das persoas que van asistir co alumnado.

As follas de inscrición na modalidade de centro colaborador estarán dispoñibles na web:

**[www.salondolibro.gal](http://www.salondolibro.gal)**

Para participar a maiores noutras actividades da programación, tales coma os espectáculos teatrais de pago, recibiredes a información ao tempo que os restantes centros escolares no correo electrónico facilitado.

### NOTA IMPORTANTE

Os prazos de entrega de solicitudes e traballos deben cumprirse rigorosamente, xa que ao ser moitos os coles participantes é necesario saber con antelación con cantos traballos imos contar para facer os grupos que participarán dos obradoiros/contacontos, para a súa distribución no espazo e, no caso de querer explicar o proceso de creación dos mesmos, saber os nomes dos centros interesados.

A participación no Salón conleva a aceptación destas normas.

**CALENDARIO DE PRAZOS:**

- Datos básicos de inscrición antes do 22 de decembro: datos do centro, curso e número de alumnos/as por curso que participante,
- Datos completos de inscrición antes do 18 de xaneiro: Engadir á mesma folla de inscrición inicial datos sobre o formato do traballo, título e bibliografía empregada,. No caso de que sinalades algunha modificación no grupo de nenos/as que ían participar inicialmente deberá sinalala neste momento e contactar telefónicamente
- **Data límite para entregar os traballos 16 de marzo.**

**CONTACTO E CONSULTAS:- 609688795 / [salondolibro@salondolibro.org](mailto:salondolibro@salondolibro.org)**



